

EFFECTOS DO BILINGÜISMO NA ADQUISICIÓN DA LINGUAXE DOS NENOS PEQUENOS: UN ESTUDIO CON NENOS GALEGOS

*Miguel Pérez Pereira*¹

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción²

O efecto do bilingüismo sobre o desenvolvemento da linguaxe foi, e segue a ser, un tema controvertido. Existen varios e importantes traballos sobre a adquisición da linguaxe por nenos bilingües familiares, o que se deu en chamar *adquisición bilingüe da primeira linguaxe* (de Houwer, 1990). O problema é que eses estudos son estudos dun único caso, ou duns poucos casos. Isto quere dicir que, se temos en conta as importantes diferencias individuais que existen no desenvolvemento da linguaxe, é difícil tirar conclusións fiables sobre a comparación entre bilingües e monolingües. Para poder chegar a conclusións fiables precisamos realizar comparacións entre mostras numericamente importantes de nenos bilingües e de nenos monolingües, ou, mellor dito, entre nenos que viven en medios bilingües e nenos que viven en medios monolingües.

Indubidablemente, os primeiros estudos de Saer (1923) sobre os efectos do bilingüismo no desenvolvemento intelectual, que presentaban un escuro panorama para os bilingües, marcaron durante tempo as concepcións sobre os efectos do bilingüismo na adquisición da linguaxe.

Os primeiros estudos realizados sobre da adquisición do vocabulario en nenos bilingües e monolingües semellaban sinalar que os nenos bilingües tiñan un desenvolvemento léxico máis limitado que os nenos monolingües. A meirande parte destes estudos (Ben Zeev, 1977; Doyle, Champagne & Segalowitz, 1978; Rosenblum & Pinker, 1983), nos que se efectuaban comparacións do vocabulario comprendido por nenos bilingües e monolingües empregando o Test de Vocabulario en Imaxes de

¹ Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación. Facultade de Psicoloxía. Campus Sur. Universidade de Santiago de Compostela. 15782 Santiago de Compostela. Tlf. 981563100 ext. 13733. Pereira@usc.es. investigación financiada pola DGESEIC, proxecto PB97-0526, e a Xunta de Galicia, proxecto XUGA-21102B98

² Esta investigación foi financiada pola DGESEIC, proxecto PB97-0526, e pola Xunta de Galicia, proxecto XUGA-21102B98

Peabody, coincidían nos seus resultados: os nenos bilingües de entre 5 e 7 anos obtiñan significativamente peores resultados que os nenos monolingües da mesma idade. Tan só Umbel, Pearson, Fernández & Oller (1992) atoparon un pequeno atraso, que non acadaba significatividade estatística, no vocabulario receptivo de nenos bilingües español-inglés de 1º de primaria medido co test Peabody comparado co vocabulario receptivo de nenos monolingües angloparlantes equiparados en canto a nivel socio-económico.

Un problema con estes estudos é que só se tiña en conta o vocabulario receptivo dos bilingües nunha única lingua. De maneira xeral, cando as comparacións só teñen en conta unha das dúas linguas que coñece o bilingüe os resultados mostran que os bilingües teñen un vocabulario máis reducido que o dos monolingües. Pola contra, cando se suman as palabras que os nenos bilingües coñecen das dúas linguas, o seu vocabulario é superior ó dos monolingües. E, finalmente, cando as palabras coincidentes ou termos equivalentes en significado das dúas linguas son contados só unha vez (vocabulario conceptual), os resultados que logran monolingües e bilingües adoitan ser moi semellantes (Siguán, 2001).

Pero a cuestión, como sinaléi anteriormente, non deixa de ser controvertida, como o mostra o estudio realizado por Pearson e colaboradoras (Pearson, Fernández & Oller, 1993, 1995). Nese estudio, Pearson e colaboradoras compararon o desenvolvemento léxico de 25 nenos bilingües simultáneos español-inglés entre 8 e 30 meses, e 35 nenos monolingües de idades semellantes e semellante nivel educativo dos pais. Para elo utilizaron a escala MacArthur ou Inventario do Desenvolvemento Comunicativo (CDI) en inglés e español de México (Fenson, Dale, Reznick, Thal, Bates, Hartung, Pethihick & Reilly, 1993; Jackson-Maldonado, Thal, Marchman, Newton, Fenson & Conboy, 2003). Dita proba permite comparar o vocabulario comprendido entre os 8 e os 15 meses de idade, e o vocabulario producido entre os 8 e os 30 meses de idade. Pearson e colaboradoras atoparon que os nenos bilingües non presentaban peores resultados que os monolingües en produción de vocabulario cando se tiña en conta o vocabulario total ou o conceptual. Este último obtense contando como unha soa vez os termos con equivalente na outra lingua. Nembargante, sí que o vocabulario era significativamente máis reducido que o dos monolingües cando a comparación se facía cunha soa lingua, agás cando a comparación se facía entre os bilingües cunha clara dominancia dunha lingua (español ou inglés) e os monolingües

nesa lingua dominante. No que atinxe á comprensión, os resultados indican que os cativos bilingües comprendía máis palabras que os monolingües cando se comparaba o seu vocabulario total (inglés máis español) ou o seu vocabulario conceptual, aínda que as diferencias non chegaban a seren significativas. Cando a comparación se centraba nos bilingües cunha clara dominancia dunha lingua, aqueles mesmo tiñan mellores resultados que os monolingües na súa lingua dominante, aínda que non na non dominante. Destes resultados as autoras conclúen que, en contra dos estudos anteriores, os nenos bilingües teñen resultados semellantes ós dos monolingües en comprensión de vocabulario cando esa comparación se realiza tendo en conta as palabras comprendidas na lingua dominante, e superior cando a comparación realizase sumando as palabras comprendidas das dúas linguas (vocabulario total e vocabulario conceptual). En canto á produción, os resultados son comparables cando se teñen en conta as palabras producidas nas dúas linguas xuntas.

Malia o interese do estudo de Pearson e outras (1995), parece aconsellable realizar estudos comparativos con mostras aínda máis numerosas de suxeitos. Esa foi unha das intencións da investigación que se presenta aquí.

Ademáis tamén quixemos facer unha avaliación non só da capacidade de comprensión e produción do vocabulario, senón tamén do coñecemento morfolóxico e sintáctico dos nenos, e mesmo, para os máis pequenos, do uso de formas de comunicación prelingüística.


Outro obxectivo foi o de realizar unha comparación con linguas non estudadas anteriormente, o galego e o español. Ditas linguas, a diferenza do inglés e o español, presentan unha gran proximidade. De tal maneira que moitas palabras son idénticas en ambas as dúas linguas. Mesmo pola situación de contacto entre elas, hai usos misturados dunhas palabras dunha lingua na outra, con probable dominancia do español.

2. Metodoloxía

2.1. Suxeitos

Os suxeitos foron 706 nenos e nenas galegos, dos que 431 (61%) vivían nun medio familiar bilingüe, e 275 (39%) vivían nun medio monolingüe galego.

As gráficas que seguen (Figuras 1-4) reflicten as características máis salientables da mostra.



Figuras 1-4

Como se pode apreciar a meirande parte dos nenos procedían de familias cun único fillo ou con dous fillos (93,8%). As cifras correspondentes á orde de nacemento son moi semellantes: o 56,5% dos nenos eran primoxénitos e o 33,5% os segundos na orde de nacemento.

Como se pode apreciar o 39% dos nenos vivían en familias monolingües galegofalantes, sendo os demais bilingües castelán-galego na súa maioría, aínda que había algúns casos (3,8%) de familias nas que se usaba o galego e outra lingua diferente do castelán (maioritariamente, portugués e francés). En canto ó nivel de estudos dos pais, había unha grande diversidade na mostra, que reflicte o que ocorre na sociedade, o que apunta a unha representativa escolla da mostra.

2.2. Material

A proba empregada para avaliar o nivel de desenvolvemento comunicativo e lingüístico foi a versión galega da escala MacArthur (Pérez Pereira & García Soto, 2003), un inventario de conductas comunicativas e lingüísticas dos nenos que deben

cubrir os pais. A escala MacArthur foi orixinalmente desenvolvida nos EEUU por Fenson e colaboradores (Fenson *et al.*, 1994), e presenta moi bós valores de validez, fiabilidade e consistencia interna. Téñense feito máis de 25 adaptacións a linguas diferentes desta escala, sendo a galega a primeira realizada no Estado español. A Escala MacArthur ou “Inventario para o Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas” consta de dúas formas diferenciadas. A primeira, denominada *Palabras e Xestos*, está destinada a nenos de 8 a 15 meses. A segunda, denominada *Palabras e Oracións*, vai dirixida a nenos de 16 a 30 meses de idade. A razón da existencia destas dúas formas está en que as habilidades comunicativas e lingüísticas mudan moito nestas idades, e o que os nenos de, poñamos por caso, 26 meses poden facer coa linguaxe non é o que poden facer os de 10 meses. Igualmente certas conductas que son relevantes no treito de 8-15 meses, como o uso de xestos comunicativos, deixa de selo despois. Por iso o que compre avaliar para cada idade debe ser diferente, dando lugar a formas diferentes, máis cunha estrutura e principios organizativos semellantes.

A forma para *Palabras e Xestos* (8-15 meses) consta de dúas partes. A primeira parte, denominada *Primeiras Palabras*, intenta avaliar a comprensión e produción inicial da linguaxe. Comprende 4 apartados. A) Comprensión inicial da linguaxe, que pretende detectar unha comprensión inicial dalgunhas frases: por exemplo “¿Responde cando o chaman polo seu nome? (3 items). B) Frases: consta dun listado de frases simples (27) das que os pais deben dicir cales comprende o seu fillo ou a súa filla: por exemplo, “¡Senta!”, ou “Tira a pelota”. C) Maneiras de falar: pretende detectar o estilo de aprendizaxe dos nenos (imitativo/designativo). D) Lista de vocabulario: consta dun listado de 384 palabras agrupadas en 19 categorías (animais, partes do corpo, xoguetes, verbos, etc.), das que os pais deben indicar en columnas separadas cales o seu fillo ou a súa filla comprende (comprensión), e cales comprende e dí (producción). Esta última parte é, probablemente, a que ofrece unha imaxe máis clara do desenvolvemento lingüístico xeral dos nenos a estas idades.

A segunda parte, chamada *Xestos e accións*, fai unha avaliación da competencia comunicativa xestual dos nenos, así como da existencia de comportamentos (participación en situacións de xogo conxunto con adultos, imitación de accións, xogo simbólico, etc.), que están relacionados coa capacidade comunicativa dos nenos. Está integrada por 6 subapartados: A) Primeiros xestos comunicativos: por exemplo “Estira o brazo para mostrar algo que ten na man?” (16 items). B) Xogos e rutinas: por

exemplo “¿Xoga ó cu-cú?” (13 ítems). C) Accións con obxectos: por exemplo “¿Come con culler?” (17 ítems). D) Facendo que son pais: por exemplo “¿Dálle de comer a unha boneca?” (14 ítems). E) Imitación doutras accións dos adultos: por exemplo “¿Golpea cun martelo?” (15 ítems). F) Xogo simbólico: pregúntase ós pais si o neno ou a nena xoga cun obxecto como si fose outro (por exemplo unha caixa de zapatos coma si fose un berce), e que dean algún exemplo.

A forma *Palabras e Oracións* (16-30 meses) ten tamén dúas partes diferenciadas. A primeira parte, *Primeiras palabras*, consta de dous subapartados. En primeiro lugar A) dunha lista de vocabulario de 719 palabras, das que os pais deben indicar cales dí o seu fillo ou a súa filla (producción). As palabras están organizadas en 22 categorías diferentes (animais, mobles, verbos, palabras para preguntar, verbos auxiliares, conectivas, etc.). Xa non hai eiquí avaliación da comprensión por considerarse que agora é moi difícil que os pais poidan coñecer cantas palabras comprenden os fillos. Esta parte é esencial na avaliación do desenvolvemento lingüístico dos nenos. En segundo lugar consta de B) *Cómo usa e entende o neno a linguaxe* (5 ítems), na que se pretende comprobar si o neno ou a nena usa a linguaxe en referencia a sucesos que ocorreron no pasado, a obxectos non presentes, ou ó posuidor de algo, por exemplo.

A segunda parte, *Oracións e gramática*, está integrada por 5 subapartados que intentan avaliar o grao de dominio da morfoloxía e da sintaxe dos pequenos. Os apartados son os que seguen. A) *Terminacións das palabras / Parte 1* (9 ítems), na que os pais deben indicar si o seu fillo ou a súa filla produce diferentes morfemas regulares nominais e verbais. B) *Formas das palabras* (15 ítems), nas que se pregunta ós pais si os seus fillos producen formas irregulares correctamente (por exemplo: *aberto* ou *sei*). C) *Terminacións das palabras / Parte 2* (14 ítems), na que se pregunta si os nenos producen formas irregulares erróneamente (por exemplo, *abrido* ou *sabo*). D) *Frases*, na que se lle pregunta ós pais si os seus fillos xa producen frases nas que combinan varias palabras, e, de ser o caso, que dean 3 exemplos das máis longas. Sobre esas frases aportadas polos pais se calcula a Lonxitude Media das Emisións (LME) en morfemas. E) *Complexidade de frases* (38 ítems), na que os pais deben indicar cal das dúas formas que se presentan é a máis próxima ás producións dos seus fillos (por exemplo *Nené quere / Eu quero*). Unha forma é máis evolucionada ca outra.

2.3. Procedemento

Os inventarios eran entregados a un dos pais (xeralmente a nai) quen os cubría. Os pais tiñan o soporte dunha persoa que lles resolvía as dúbidas que tuvesen. En moitos casos os pais cubrían os inventarios en presenza dunha persoa instruída previamente³.

127 pais de nenos bilingües e 104 de nenos monolingües (231 en total) cubriron o inventario Palabras e Xestos (8-15 meses), e 304 pais de nenos bilingües e 171 de nenos monolingües (475 en total) cubriron o inventario Palabras e oracións (16-30 meses). É importante indicar que non había diferenza na idade media dos grupos de nenos monolingües e bilingües.

2.4. Análises realizadas

Fíxose unha análise comparativa das medias obtidas (proba “t” de Student) polo grupo de nenos bilingües e monolingües en cada un dos principais apartados das dúas formas da escala MacArthur (Palabras e xestos e Palabras e oracións).

3. Resultados

Nos gráficos que seguen (5-9) presentanse de maneira gráfica os resultados obtidos e o resultado e grao de significación estatística.

Os resultados indican que nos diferentes apartados do inventario Palabras e xestos (8-15 meses) os nenos bilingües presentan mellores resultados que os monolingües, aínda que esas diferenzas non chegan a ser estatisticamente significativas. As diferenzas son menores nos apartados que avalían o uso dos primeiros xestos comunicativos, así como na puntuación conxunta total (*xestos e accións*) para xestos, xogos e rutinas, accións con obxectos, facendo que son pais e imitación doutras accións dos adultos. Polo que atinxe ó inventario Palabras e oracións (16-30 meses), sempre os nenos bilingües acadan mellores resultados que os monolingües, chegando nos apartados de *Uso/entendemento da linguaxe* ($t=2,283$, $p<,023$), *LME das emisións máis longas* ($t=2,452$, $p<,015$) e *Complexidade das frases* ($t=1,994$, $p<,047$) a acadar significación estatística. No apartado *Terminación das*

³ Quixera agradecer ós equipos de “Preescolar na Casa” e do proxecto “En familia” a súa inestimable colaboración.

palabras (producción de sobrerregularizaci3n), a diferencia case que chega a ser estatisticamente significativa ($t=1,906$, $p<,057$).




Figura 5




Figura 6




Figura 7




Figura 8




Figura 9

4. Discusión

De todo esto despréndese que os nenos bilingües entre 8 e 15 meses non teñen un desenvolvemento léxico por debaixo dos monolingües, nin na comprensión nin na produción. Máis ben o contrario. Estes resultados son contrarios ós obtidos por outros autores en relación ó vocabulario receptivo con nenos en idades posteriores e utilizando o test de Peabody. Posiblemente, ó avaliar a competencia dos bilingües en linguas ben diferentes (inglés e español, ou inglés e hebreo) cun test nunha única lingua, se estea subestimando a competencia dos bilingües. Cando as avaliacións realizadas suman o vocabulario comprendido nas dúas linguas, os resultados son moito máis favorables para os bilingües (Pearson, Fernández & Oller, 1993, 1995). No caso da presente investigación a proximidade do galego e o español fai que os pais moitas veces dificilmente poidan diferenciar entre palabras en castelán ou en galego que comprenden ou producen os seus fillos. Por iso, aínda que a avaliación se realizou sobre unha única lingua, de facto é como si se realizase nas dúas. O mesmo pode dicirse doutros aspectos

explorados pola escala McArthur, como uso de certos morfemas (plurais, pretérito imperfecto...) ou grao de complexidade das frases.

É curioso que sexan os aspectos menos relacionados coa linguaxe (uso de xestos comunicativos, xestos e accións) onde os nenos bilingües mostran un resultado máis próximo ó dos monolingües. Isto probablemente indica que a condición de bilingüe afecta particularmente ó dominio e coñecemento da lingua (das linguas).

As diferencias entre bilingües e monolingües no dominio da linguaxe parecen medrar coa idade. Os nenos bilingües entre 16 e 30 meses acadan mellores resultados que os monolingües en produción de vocabulario, uso de sufixos irregulares e produción de sobrerregularizacións, aínda que as diferencias non chegan a ser significativas. Pero, por riba de todo, semella que os pequenos bilingües de 16 a 30 meses teñen un desenvolvemento morfolóxico e sintáctico máis avanzado que os seus coetáneos monolingües. Os resultados son claros en relación ó uso dos primeiros morfemas nominais e verbais regulares, e tamén na complexidade gramatical das súas frases, que semellan ser construcións máis longas e avanzadas que as dos monolingües.

Ademáis o resultado do apartado uso/entendemento da linguaxe indica que os bilingües usan e entenden a linguaxe con maior flexibilidade que os monolingües, o que se plasma no emprego e comprensión da linguaxe en referencia a tempos diferentes do presente, obxectos ou persoas non presentes, etc. Isto indica un avance maior nos bilingües que nos monolingües no distanciamento da linguaxe respecto da realidade, no seu uso cunha función claramente simbólica. A contrapartida dese uso/entendemento máis flexible da linguaxe está no dominio dos recursos morfolóxicos e sintácticos que permiten usar a linguaxe de maneira máis flexible e distanciada da realidade presente.

5. Conclusións

No que atinxe á comprensión do vocabulario na primeira infancia (8-15 meses), os nenos bilingües non parecen estar en desvantaxa cos monolingües. En relación ó vocabulario productivo, os nenos bilingües teñen resultados semellantes, e aínda lixeiramente superiores, ós dos nenos monolingües da mesma idade (8-30 meses). Ademáis, os resultados obtidos indican que o coñecemento morfolóxico e sintáctico dos nenos bilingües está máis desenvolvido que o dos monolingües da mesma idade (16-30 meses).

Tomados no seu conxunto os achados da presente investigación apuntan que o feito de estaren expostos os nenos a dúas linguas non ten efectos negativos sobre do desenvolvemento lingüístico nas idades estudadas, e mesmo pode ter un efecto estimulante sobre o proceso de adquisición da linguaxe na primeira infancia cando menos.

A diferenza entre bilingües e monolingües nos resultados relacionados co desenvolvemento xestual, por unha banda, e co desenvolvemento lingüístico, pola outra, suxire que a exposición a dúas linguas no medio familiar ten un efecto favorable sobre do coñecemento e uso da linguaxe como sistema e dos recursos que ofrece.

No futuro sería desexable que se desenvolvesen estudos lonxitudinais que permitiran saber a evolución do coñecemento lingüístico nos mesmos suxeitos durante treitos amplos de idade, de maneira que se poida comprender mellor o proceso de evolución lingüística en nenos bilingües e monolingües, e os efectos que os cambios nas circunstancias contextuais (uso das linguas na escola infantil, por exemplo) poden ter no proceso de desenvolvemento.

Referencias bibliográficas

- Ben-Zeev, S. (1977). "The influence of bilingualism on cognitive strategy and cognitive development". *Child Development* 48, 109-18. [Traducción española: Ben-Zeev, S. (1981). "Influencia del bilingüismo en la estrategia cognitiva y el desarrollo cognitivo". *Estudios de Psicología* 8, 98-114].
- De Houwer, A. (1990). *The acquisition of two languages from birth: A case study*. Cambridge, UK: Cambridge University Press.
- Doyle, A., M. Champagne & N. Segalowitz (1978). "Some issues in the assessment of linguistic consequences of early bilingualism". In M. Paradis (ed.), *Aspects of bilingualism*. Columbia, SC: Hornbeam Press, 13-21.
- Fenson, L.O., P.S. Dale, S. Reznick, D. Thal, E. Bates, J.P. Hartung, S. Pethick & J.S. Reilly (1993). *MacArthur communicative development inventories. User's guide and technical manual*. San Diego: Singular Publishing.
- Jackson-Maldonado, D., D. Thal, V. Marchman, T. Newton, L. Fenson & B. Conboy (2003). *Inventarios del desarrollo de habilidades comunicativas. User's guide and technical manual*. Maryland: Brookes.
- Pearson, B.Z., S.C. Fernández & D.K. Oller (1995). "Lexical development in bilingual infants and toddlers: Comparison to monolingual norms". En B. Harley (ed.), *Lexical issues in language learning*. Ann Arbor, MI: John Benjamins: 31-57.
- Pearson, B.Z., S.C. Fernández & D.K. Oller (1993). "Lexical development in bilingual infants and toddlers: Comparison to monolingual norms". *Language Learning* 43(1): 93-120.

- Pérez-Pereira, M. & X.R. García Soto (2003). "El diagnóstico del desarrollo comunicativo en la primera infancia: adaptación de las escalas MacArthur al gallego". *Psicothema* 15(3), 352-61.
- Rosenblum, T.& S.A. Pinker (1983). "Word Magic revisited: Monolingual and bilingual children's understanding of the word-object relationships". *Child Development* 54, 773-80.
- Saer, D.J. (1923). "The effect of bilingualism on intelligence". *British Journal of Psychology* 14, 25-38.
- Siguán, M. (2001). *Bilingüismo y lenguas en contacto*. Madrid: Alianza Editorial.
- Umbel, V.M., B.Z. Pearson, M.C. Fernández & D.K. Oller (1992). "Measuring bilingual children's receptive vocabularies". *Child Development* 63, 1012-20.